

# A·R·S·A··TERRA

## BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

### PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na CRUÑA 10 mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 pts.  
Coste d'un número, 15 América id... 2  
PAGO ADIANTADO

### NUMERO 110

A CRUÑA 10 DE XANEIRO DE 1920

Redacción e Ademinstación:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

# Ano novo

A Pepe Prada Lousada.

Os entendementos choídos, incapaces d'ajuntare duas verbas de un geito anovado, pra expresare unha ideia vella, baijo unha nova forma, son os que geralmente falan do tópico como de cousa intoleravel.

E Vargas Vila no seu libro «La Voz de las Horas», dixo: «Ja non nos quedan Verdades Novas sinón Formas Novas de Vella Verdade.

A verdade da vellez das cousas é tan vella como as cousas mesmas. Non val, pois, a pena de s'esforzare en fugire do tópico-forma, si per debaixo das parolas recentes ha quedare, de cote, la-tejante, o tópico-fondo, o pensamento anejo, tan vello quizaves como a Humanidade.

Deixemos o anovamento da expresión pr'as outas creaciós literarias; mas cando queiramos falare d'aquilo que ha sero nervo, sangue, neviña froítificante das modalidades esenciaes da nosa vida, non rifemos co noso vello e bon amigo o tópico, que, co a frase feita, danos o pensamento amañado, que, co lugare común, da-nos a común inteligenzia.

E ja que non temos a sorte cu a capacidade pra realizar-o hachádegoo d'una nova verdade, parolemos en col das nosas verdades, vellas ou novas, lédas ou tristeiras sin sentir-a saudade das formas azosas, que ás verdades abunda-lles seren o que son: anacos da realidade.

¡Ano novo, vida nova! Aquí tendes unha expresión vergoñenta, fopeira, froito serodio da nosa preguiza. Expressión desvencellada da realidade da vida e da natureza, e por ende, da nosa vida tamén, aruxo pensante d'aquila.

¡Ano novo, vida nova! Non, nin a vida é en realidade nova, nin se fai nova cada ano, nin pra escomezare a anovar-se agarda ao primeiro de Janeiro.

A vida non é nova nunca, sin qué isto queira decir que seja vella, pois ninguén sabe ainda o que é a vida, nin onde se mantén a sua esencia, nin en virtude de que lei primeira xurde trunfal ante os nosos ollos abraiados pola sua grandeza xurdia.

A vida sustancialmente é de cote a mesma. Confundindo a vida cas suás sucesivas manifestaciós no tempo, chamamos nova vida ao que non é mais que unha distinta floración da vida antiore, da vida vella, da vida de sempre, que ten o seu orige na eternidade, no seo de Deus Creadore...

¡Ano novo vida nova! Pero i porque habemos d'agardare ao primeiro d'ano pr'anovare e renovar o noso existire? A vida, que todolos días envellece un pouco, todolos días tamén s'anova e fai-se moza. O mito da ave Fenix ten na vida un valore de realidade latejante. A vida trunfa arreo, n'unha renovación eterna, da forza anuladora da morte. Todolos anos, todolos días viven à vida novos seres que teñen por berce o que agora mesmo é cova d'outros seres que se finaron. «En col da morte, a vida» que dixeron os latinos.

Y é que a vida e todo actividade e movemento. Nhai n'ilha un solo instante d'acougo: O seu alento vital exparexe o vafo da morte, á que troca n'unha verdadeira explosión de vida.

A Natureza non espera tampouco ao primeiro de Janeiro pra se modificar en senso da perfección. Vai de cote recorrendo o camiño do melloramento, facendo-se perfecta pouco a pouco, pasenxamente.

Solo o home alleo ás leccions da Natureza, quere abrangure d'un solo chouto, d'unha vegada, o que non foi capaz de conquerire na sua vida enteira.

E cando un ano se fina i outro é nado polas catro bandas oi-se de todolos labres ista expresión, prende en toda-

l-as vontades iste desejo: ¡Ano novo, vida nova!

Verbas que non son certamente un acto de contrición i un principio d'enmenda, sinón o reconocemento da derrota da nosa actividade no ano que morre.

A nosa labore de doce meses, ten por epítasio un desejo idénticamente igual ao que tiveron todolos anos anteriores.

Fagamos, pois, nova a nosa vida todolos días, n'un rivo esforzo que nos renove cada hora e nos leve pola estrada florecida da perfección.

Sejamos hoje bos, pra poder sere mañá millores; amemos hoje moito, pra que mañá seipamos amare mais fondo-nisamente; traballemos todolos días con fe e cheos d'espranza, pra que cuando chegue a mourenza do inverno, cos seus coriscos tolledores, nos colla ao agarimo do noso fogar falándolle aos nosos fillos dos outos misterios da vida: nova pr'os que loitan e traballan, vella moi vella, tristeira e suidosa pr'os que para vencela, esperan un primeiro de Janeiro que nunca chega.

VICTORIANO TAIBO.

Ponte de Mera, 31 de Nadal de 1919.

## X'o viamos vire...

### Da Universidade caciquil

Cando pol-o claustro da Universidade se elixiu reitor interino o señor Lino Torre, deprocatámonos xa de que logo pillaría o cárrego en propiedá.

Iesi parez sere. ¡Lino, reitor! Nem él poido chegar a mais, nen a Universidá a menos!

Un cacique monteirista con tales honores...

Razón tñíamós nós o dicir sempre que a autonomía do claustro, sen a autonomía da Universidá dentro d'unha Galicia autónoma, limpa de caciques, íñase pior que o réxime que houbo até agora.

¡Lino Torre reitor,! ¡Qué nòxo!

Nengún estudante galego deberá estudiar en Santiago namentras se non reificase ese erro.

## O CRUCEIRO

D'unha fé que x'agora n'eisiste,  
era proba iste santo cruceiro  
qu'hai dous siglos tallou un pedreiro  
metido á escoltar.

Como tiña moi pouco d'artista,  
salem tosca e ben mal romatada  
a figura na cruz encravada,  
do Noso Siñor.

Mais a fé qu'ó pedreiro ll'enchia  
o seu peito sinxelo e honrado  
deulle á imaxe do Crucificado  
tal sinceridá,  
qu'anque n'era unha boa escultura,  
d'os labregos qu'adoito pasaban  
y ó cruceiro unha ollada botaban,  
movía a piedá.

Hoxe pasan milleiros de xentes  
que xiqueran deteñen o paso,  
pois ninguén do cruceiro fai caso,  
a non ser  
catro vellas miradas qu'inoran  
as ideas modernas que veñen  
e quezáis que por iso inda teñen  
costume de crer.

Cando paso á carón do cruceiro,  
eu pergunto, de dudas tolleito:  
¡é feliz o que leva no peito  
a chama da fé  
qu'alumou ó pedreiro do canto  
(anqu'íñore os secretos da ciencia),  
ou que ten carros de sabedoria,  
mais non cré?

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS.

LIÑAS DOS QUE COMEZAN

## ALBORADA

Repousa caladamente a cibdá na mais  
compreta tranquilidade. Son as pri-  
meiras horas do amancere. As ruas en-  
cóntranse caladíñas, tristeiras, sin xen-  
te. Non se sinte mais que o constante  
marmular d'as augas cantareiras das  
fontes, que fan un barullo n'as pedras  
coma se chovera.

Un vapore recolle o áncora do fondo  
de mar, e a pouco síntese un forte asu-  
biar longo, que deixa por algún tempo  
ferido o espazo, namentres pasenxo,  
álexase ceremonioso, pranchando as bri-  
ladoras e rizadas ondas do mar, que  
pol-a popa marmulan, desfaéndose en  
revolta e branca escuma.

Pol-as desertas ruas empeza a cami-  
ñar algunha xente. A maioría d'esta  
xente camiña e uns pequenos equipaxes  
dando cara á estación. De vez en can-  
do, síntese o cascabelear d'os coches,  
que como a xente, se perden alá no fon-  
do da longa carreteira.

As luces deixaron d'alumar, e as te-  
bras apoderáronse de todo, ainda que,  
pol-a lexanía, vénse os primeiros res-

prandores dun fermoso día, que se di-  
buxan craramente na escuridade da-  
noie que fuxe.

O tanguido d'unha campaíña da ire-  
lo espazo, e a pouco, en tola carreira,  
vése camiñar ante unha gran nube  
branca, pol-a longa e brillante liña d'a-  
ceiro, un pequeno tren, que c'o seu  
barullo desperta a tranquilidade d'a  
campiña enteira.

O tanguido d'unha capaíña da ire-  
xa chama ós fieles á primeira misa do  
día, e a pouco, vénse pol-as ruas al-  
gunhas mulleriñas envoltas en escuros  
mantelos.

Trunfa o día. A Natureza volve a ter  
a sua coor e o sol c'o seu brilar res-  
prandecente acaricia a os paxaríños,  
que beben á beira d'os ríos e xogan a  
limpar os peteiros...

M. PORTO CASAS.

## ¡Adiante, escolares!

Acaba de se inaugurar en Santiago  
a Xuventude Escolar Nazonalista, pre-  
sidiada por Valentín Paz Andrade.

A nosa embora, -adiante, irmaos.

## "A Tola de Sobrán"

O teatro galego, conta c'unha nova  
comedia notabre; comedia moi orixinal,  
fina e feituca.

Do seu estreno na «Irmandade» falá-  
remos no novo número d'este boletín,

## DENDE PORTUGAL

## SAUDACION!

Feliz o rouxinol, traduz o seu amor  
na lingua sem igual de mágica harmonía  
e oculto de manha no laranjal em flor  
envia uma canção ao alvorecer do día.

Mas eu, que sinto n'alma o fogo puro e santo  
do mais acceso amor, d'affecto sem igual  
não tenho lira onde ir modular em canto  
pr'a vir saudarte oh! terra amada sem igual.

E nem ao menos posso a voz hoje soltar  
embarg-m'a no peito a força do sentir...!  
só pulsa o corazón que sabe bem amar  
mas esse fundo amor não posso traduzir.

Que sejas venturosa é esse o meu anhelo.  
dar-te felicidade é só a minha ambição,  
amarte com delirio, serás sempre o meu disvelo.  
é o que, de prazer me inunda o corazón.

E deixa que hoje venha, depois de tantos anos  
depor-te aos pés a vida, amor e corazón  
e tu o patria amada, acolhe nos arcanos,  
um brado que traduz eterna adoración.

Nas margens do Tejo, 24-12-1919.

LEAO DE BREOGAN.

# O ESTADO NON É A PATRIA

*De Salvador Golpe.*

Si fora do terreo do abstracto é un absurdo asegurar que a patria do home é a humanidade e que este é cibudadán do mundo, non é menos decir que a patria é o Estado.

Porque un individuo sea nado nun país sometido a un rexime político especial, e viva ao amparo de determinada bandeira, e chámese ruso, prusiano, inglés, ou chino, non pode decirse que a Rusia, a Prusia, a Inglaterra ou a China son a sua Patria. Pertece si a esa sociedade do dereito, vive sometido ás suas leises, vive dentro do seu terreo, tal vez nun punto esquençido de calquera dos países que rematan as fronteiras d-esos Estados atópe-se o lugar eleixido do seu corazón; pero esa sociedade xurídica, creada ou sostida pol-a força ou pol-as comenencias políticas nos feitos históricos, non é sua Patria... Non, non é o centro amoroso que prende no chao e abálase no ar, e báñase na lus e espéllase nas augas, e cínguese d'armunías, e espállase e prende no espírito das novas xeneracións, e conserva a sua língua e costumes, na lembranza dos sucesos comenentes e na memoria das desgracias: non, non é eso ao mesmo tempo material e inmaterial, que é como a compenetración ou mística xuntanza do home c'a terra, á que s'atopa ligado por misteriosas e invisibles raíces. E non sendo eso o Estado no é a Patria.

O Estado é unha asociación xurídica composta de homes que viven en distintos e determinados lugares, baixo un mesmo goberno e sometidos a unha mesma lei. E, pois, un organismo político, accidental, transitorio, capás de aumentar ou mermar en extensión de territorio e poderío según a sorte que lle depare a estoria, e pode estar formado por xentes d'unha soia nazón ou de parte da mesma, ou por xuntanza de variadas nazóns e razas.

A Patria en troques, é unha entidade natural, introcable, inalterable, cujo conceito forma o home no seu espírito e non se atopa a mercede de trastornos.

Garda, ademais, a Patria unha solidariedade que non se pacta: que naturalmente no se establece: que no se atopa en códigos nin en tratos... e sin embargo eisiste, e impõe, e prà sua execución non son precisos mais ministros nin xueces que o amor e a concencia.

Si fora dado admitir o principio de que a Patria do home é o Estado ao

cual vive sometido, chegaría-se ao absurdo de que a patria poidera ser amovible suxeta ás modificaciones e troques que sofrisen os pobos, ou á sorte d'un conqueridor con fortuna, e podia suceder que un home tivese hoxe unha patria y mañán outra, según a que Estado fose anexada a sua Terra onde foi nado: e agora sería francés ou alemán, e despois... italiano ou austriaco, xaponés ou chino, gallego ou hispano. A patria sería determinada pol-a bandeira do vencedor.

Eso que é posible no orde material e político, non pode, de ningunha maneira, ser no moral e social ou seja no orde dos afectos, que é onde arraiga, medra e vive o sentimento da Patria.

Tróncese unha nazón en anacos e xúntese una anaco a outro Estado, e n-ese caso: ¡os habitantes d-ese terreo conquerido ao mudar de organismo político trocaron de Patria? Non, porque a Patria lévase no corazón: e este non abandona ao home.

¡Preguntádelle ao polaco si quere que lle chamen ruso? Decídelle ao grego que a sua Patria é Turquía.

¡Os gregos ou os polacos, no caso de perigrinar a integridade dos territorios de Rusia ou de Turquía con motivo d'unha guerra estranxeira, serían capaces do heroísmo d'un ateniense en Maratón ou d'un espartaco n'as Termópilas...? Non: o grego e o polaco saberían morrer, como xa o fixeron, pol-a independencia da sua Nazón e da sua raza; mais nunca levarían a sua hercicidade até o sacrificio en favor do pobo que os someteu e escravizou.

Obrigálos a chamar sua Patria a San Petesburgo ou a Constantinopla, sería o mesmo que quemar os seus beizos en ferro ardente.

Aos que coidan que a Patria pode ser amovible a voluntade d'un conqueridor con sorte ou pol-as comenencias políticas das nazóns, pódese-lles contestar, c'as verbas de Dantón, que si a Patria non se leva no coiro dos zapatos, tam pouco se asopara c'a punta das bayonetras, nin cabe nos capítulos dos tratados internacionaes.

¡Inglaterra sería a patria de María Pita si os ingreses houberan sometido á Cruña no seu cerco!

¡Francia sería por ventura a patria de Agustina de Aragón si Napoleón houbera sometido a España?

Acaso foran esas bandeiras símbolo d'un gran Estado, pero non Francia a patria dos aragoneses...

## Pepe Fontela

### Un caso de desleigamento

Na Habana, como xa dicimos n'un «Peneirando» finouse Pepe Fontela. E polo que nos contan, finouse no maior abandono e no mais triste esquecemento por parte dos nosos paisanos da illa de Cuba.

Pois Pepe Fontela era merecente dos meirandes agarimos. Enxebre, por intuición n'un ambiente exótico—pois desde neno deixara a sua Terra—él foi o verdadeiro fundadore da Academia Gallega; el foi o que motivou que Ramón Cabanillas escomenzase a facer versos.

Pepe Fontela, homilde traballador, mercaba cantos libros e folletos e xornales falaban de Galicia. Galicia era para él, unha Dulcinea adorada.

¡Probe Fontela! Iñorábamos que a forte apreixa que lle demos cando veu á Cruña acompañando os restos de Cháñez ia sere a derradeira!

Os galegos da Habana débenlle, pois, un homenaxe de desagravio á sua boa lembranza.

### O coadro de Decramación de "Irmandade"

O 'primeiro da aninovo, fixose na «Irmandade da Fala» da Cruña, unha nova representación de «A Mán de Santina» de Cabanillas, que foi colmada d'aplausos.

N'ela as fermosas señoritas Carmen Meléndrez, Loisa Castelo, Ester Carballo e Carmen Chao, bordaron os papés, sendo moi loubadas. Tamén os señores Lafuente, Edreira, Osorio, Carballo, e Casas, fixeron un traballo moi artístico.

O día catro do Xaneiro corrente, estrenouse, no mesmo lugar, a comedia de Dantas, unha das millores obras do teatro portugués, «Máter Dolorosa». E interpretando os difíciles papés da comedia reveláronse como notabilísimas artistas as señoritas Elvira Baio e Carmen Chao.

O coadro de decramación da «Irmandade» vai camiño de conquerir unha xusta soa, pois progresa de xeito notable. Novos señores e señoritas teñen solicitado o ingreso n'ele.

Esta é unha das millores maneiras d'enxebrizare.

Prégase a todolos suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao administrador pra facer a reclamación no correio.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe polo xiro postal.

## TEATRO GALEGO

## A LABOR DO ANO

Intenso foi o labor, e frutífero para a literatura rexional, feito no ano que finou en ben do teatro galego e do galegismo. A xente vaise afacendo ás obras do teatro enxebre e tomándolle gusto.

Para non facer moi larga a relación, diréi sómente que no ano 1919 celebráronse 52 representaciós de obras galegas. 20 d'elas na Cruña, e seguindo por orden numérico Vigo, Betanzos, Sada e en menor cuantía Ferrol, Orense, Santiago, Lugo, e outras cidades e vilas.

As sociedades que mais se distinguen na sua labor de propaganda e cosfancia a beneficio do arte dramático rexional foron:

As «Irmandades da Fala» da Cruña e Betanzos.

A «Agrupación Artística», de Vigo.

«A Terriña», de Santiago

«Cántigas da Terra», da Cruña.

«De Ruada», de Orense.

Estrenáronse as obras seguintes:

«Enredos», comedia en dous actos, de L. Carré, premiada pol-a «Irmandade da Fala», da Cruña, e representada por primeira vez en Betanzos.

«A man de Santiña», comedia en dous actos, de R. Cabanillas, con que inaugurou a sua actuación o Conservatorio Nazonal de Arte galego.

«Na casa do ciruxano», xoguete nun acto, de R. Riveiro e T. Sestelo, estrenado en Vigo pol-a «Agrupación Artística».

«Na corredoira», pasatempo nun acto, de X. Prado, representado pol-o coro «De Ruada» en Orense.

«Lois de Castromao», comedia nun acto, tamén de X. Prado e representada igualmente en Orense.

«Noite de ruada», comedia nun acto, de L. Carré, estrenada en Vigo pol-a «Agrupación Artística».

«O Lóstrego», comedia nun acto, de X. Soto, tamén representada pol-a Artística.

«Pilara ou grandezas dos homildes», drama en tres actos de M. Comellas, estrenado no Ferrol.

«Estadeíña», comedia en dous actos, de M. Lugrís, representada na Cruña pol-a compañía de Rodrigo García.

«Norte», drama nun acto, de F. Osorio, representado pol-o autor en Betanzos.

«O fillo de Vitorio», drama nun acto de M. Masdías, estrenado no «Centro Xaimista», da Cruña.

«Entre dous abismos», drama nun acto, gran guiñolesco, de A. Villar

Ponte, representado na «Irmandade da Fala», da Cruña.

«A Patria do labrego», drama nun acto, de A. Villar Ponte, representado igualmente na «Irmandade da Fala».

Ademais d'estas obras, foron tamén estrenados os seguintes monólogos e diálogos:

«Limpa, fixa e dá esprendor», monólogo de X. Casal.

«A primeira conquista», diálogo de L. Carré, en Sada.

«Xan da Cruña», monólogo de X. Fernández, na Cruña.

«No íntimo», monólogo de X. Casal, en Betanzos.

«Andacio», diálogo de X. Ares, en Betanzos.

«As alforxas», diálogo de N. N., na Cruña.

Está pendente de fallo o concurso aberto pol-a «Irmandade da Fala» de Betanzos, no que según din presentáronse moitas obras, algunas d'elas que marcan unha orientación nova no noso teatro.

Agardemos que o ano novo sexa aínda mais fecundo, e sume novos trunfos aos alcanzados xa pol-o arte dramático galego.

Adiante, e ¡Terra a nosa!

UN AMADOR DO TEATRO.

\*\*\*

Estrenouse tamén no ano derradeiro a obra portuguesa «Unha Anédocta», que xa ven sendo de repertorio nos que coltivan o teatro galego, pol-a Seición de Declamación da «Irmandade» da Cruña. E nos comezos do aninovo ténse estrenado outra obra lusitana de Julio Dantas, «Máter Dolorosa», pol-a mesma «Irmandade».

O día 6 de Febreiro estrenárase no «Jofre» do Ferrol «Donosiña» de Xai-me Quintanilla, comedia dramática en tres actos que ha ser presentada co maior luxo e propiedade conocidos.

Axiña estrenáranse tamén «Xan entr'elas» comedia galega calcada nas «Alegres comadres de Windsor» de Shakespeare, arreglo de Villar Ponte, e «Negra Sombra», orixinal do mesmo autor, asin com'outras de López Abente, Castelao, Palacios, Carré Alvarellos, e Cabanillas.

**Lea vostede  
A Nosa Terra**

## DEND'A HABANA

## UN SAUDO

Vilagarcía.

Aos bos amigos que na nosa Terra loitan por erguela ceibe sabor dos restos dos caíques esnaquizados lle adica esta lembranza o que lonxe d'eles traballa a espranza de que cando volva a ollala poderá berrar: ¡fixémolo nós! ¡Terra a nosa!

JOSE ARIAS PORTELA.

\*\*\*

Tamén temos recibido outro saudo garimoso, lateante d'entusiasmo, de Manoel Monteiro, a quén a «Irmandade» nomeou seu representante na illa de Cuba.

E asin mesmo dos irmaos de Portugal e das mais Repúblicas americanas, chegaron a nós n'estas datas de lembranza, frases de fondo afeuto que han acuciarnos pra traballáremos con mais folgos e maiores azos pol-a causa pátria.

Entr'os nacionalistas galegos, trocáronse do mesmo xeito, saudos postais ateigados de quentura espritoal. Elo proba que xa eisiste, en potencia, unha unidade de concencia coleitiva galega.

¡Adiante, pois, que o poryire é noso! Os fillos dos nacionalistas que nasceron educados no santo amore á libertá da Terra, terán unha Pátria.

## Novas da causa

Vicente Risco, xa romatou d'escribir un libriño que ha ser o noso ideario. Cantos conécenno, din qu'é obra notábel. Noméase «Teoría do nazionalismo galego». Como cousa do noso grande e orixinal pensadore, é agardada con fonda espeitación e agarimo por tódolos irmáns na causa.

\*\*\*

Axiña faceráse na Cruña a Esposición dos xeniales dibuxos do álbum de Castelao.

Con ese motivo, Castelao, dará unha conferencia, outra Risco i-outra Quintanilla i-outra ainda Viqueira.

A de Castelao de xeito humorístico.

\*\*\*

Prepárase unha gran festa na Cruña prá inaugurazón da bandeira das «Irmandades» que venen bordando artistas notabres da agulla.

\*\*\*

A «Irmandade» da Cruña, cheia d'entusiasmo, acordou ire á loita nas próximas eleccións municipaes.


\*\*\*

Na Mahía (Negreira) váise facer unha «Irmandade» con cerca d'unha milleira de socios.

\*\*\*

O mais popular i-apraudido mestre de música que hai en Madrid, pidiu a Cabanillas un libreto en gallego pra unha ópera.

Falaremos axiña d'esto con longura.



Puente sobre el Miño

# Xornadas

## Divagaciós literarias

Eu vin as pedras de Santiago, —saturadas de tradición e de fé vella— reanimadas por un sopro novo e fresco. Os nacionalistas, que son o supremo valor espiritual de Galicia —sexamos inmodestos soilo pra dar paso á verdade foron alí a axitar co seu apostolado a concencia remamada da vila universitaria, a despertar inquietude nas lexións xuveniles, a desfacer o encantamento da alma galega oitocentista, presa entr'as catro paredes de ferro da cencia oficial ratinaria e formalista, da cencia da letra, nemiga da cencia do espírito, divorciada d'as esencias enerxéticas e d'as evolucións dinámicas e creadoras.

¡Ai, qué tristura a de Santiago, a vila universitaria! Ela ben podía ser a Atenas gallega, a cibdade do pasado e do presente, a metrópoli do porvir; era nela de onde debía surxir a luz, a palabra y-a norma, a lexión chea de fe e de ideal que libertase ós cautivos y-envanxelizase ás novas xeneracións. Mais alí só teñen luz as pedras, sólo o pasado fala n'un lenguaxe profundo, sólo o milagre da sua grandeza histórica, como símbolo da fé e d'aución ateigada d'entusiasmo, pode dar a norma ós nosos cruzados. ¡Ten Santiago o apóstol, o pensador, o poeta...? ¡Ten a voz viva e quente y-aloumíñada pola que falen as arelas de rexurdimento da Terra? ¡Qué son eses homes (eu figúromos corpos sin alma, maniquís de aparenzia, somas sin contornos) qué son eses homes, digo, que non sinten a quentura ancestral d'as rúas, cheas d'evocacións e de saudades impulsoras e fecundantes, que non enxerguen a voz querendosa e leda d'as pedras preñadas e sempre núbiles, que non saben pór vida e dinamismo na cencia estética, que miran con indiferencia a galería feituquiña do arzobispado, cabo da Catedral, como unha espulla deforme na narís de Cleopatra, e que pasan sin arróutear por xunta estátua de Monteiro Ríos, aldraxante prò espírito e praeestética...?

\*\*\*

Camiño adiante... Os viaxes teñen a mais fonda e pracenteira emoción prós namorados da beleza, que botan fóra d'as vilas arélosos de respirar o ar libre e fresco, de sumirse no encanto feiticeiro da Natureza, de sorprender n'os paisaxes a pura lección da vida, a eloquencia sinxela d'as cousas, o ritmo segedo dos fenómenos biolóxicos. A Na-

tureza, como cousa non feita polos homes, é com a imaxen d'as formas puras, a expresión perfecta da beleza. Debemos buscar nela suxestións, mais non pautas ríxidas, envarados métodos. Non ten unha finalidade teleolóxica: é pura e sempre: mais a finalidade teleolóxica debe darlla o home, ó adaptala ás suas meditacións como elemento de transcendencia.

¡Cómo, diante da 'Natureza, se intensifica a sensación de repugnancia e de noxo d'as vilas! Alí o lugar común fedento, a petulancia necia, o mimetismo social feito sistema, o beotismo con toga e con pretensiós de suficiencia. Aquí a sinxeleza profunda, a serenidade, a limpeza do espírito, ese «élan» poético que fixo no romanticismo verdade a beleza e beleza a verdade, que culminou n'un valor ideal sacrosanto. Ese namoramento da beleza leva ós homes pol-o mundo adiante, en nobre peregrinaxe, buscando ó seu espírito un escenario adecuado, aburándose na contemplación estética...

\*\*\*

Na vila apenas os ollos nos din cando remata o vran e comenza outono, cando se opera o tránsito d'as estacións.

¡Qué fermosura espréndida a do paisaxe outonal no campo gallego! Todo e nél xurdio embelesante, soavemente conqueridor, d'unha rara beleza serea e misteriosa. Quizayes o viaxe en automóvil —penso eu— impide admirar cheamente o encanto da variedade d'os paisaxes n'os que os ollos, canles do espírito, s'encher de ledicia e dozura. A paz da campía chea de cór e de luz parece profanada pol-o ruído mecánico do automóvil.

As montañas de Lalín, indo pra Ourense, son un testimonio da variedade do paisaxe galego; na sua cór e na sua configuración non se asomellan ás outras montañas da rexión, exceptuando a Lugo, onde a afinidade orográfica coa comarca lalilense non ten punto de dúbida. En realidade, n'aquela parte comenza xeográficamente Lugo, inda que a división política como toda las cousas da Hespáña, esté feita contráis leises naturaes, somellando un de tantos cempés da nación oficial.

Despois d'as montañas escarpadas, de cór d'aceiro, sin vexetación, onde só de vez en cando se topa unha humilde casinha con teito de pizarra—o que nos fai pensar outra vez en Lugo—e por

onde rube a carretera retercéndose, aparecen xa os vals d'Ourense, as ledas florestas onde os castiñeiroso poñen, aquí e alá, como n'un paisaxe d'ensoño, o encanto d'ouro e sangue d'as suas follas, froito tamén, froito derradeiro da súa natureza, soilo gustoso e feiticeiro prós espíritos que gorentan a beleza sinxela, a beleza xenuina, a beleza pura...

ROBERTO BLANCO TORRES.

## O NOSO FOLLETIN

Romatada de se publicar a notabre e lumiosa conferencia do noso xenial Castelao, que tódolos homes intelixentes han gardar como ouro en pan, oxe, atendend'os pregos de moitos leitores d'esta revista, escomenzamos a dare a farsada teatral «Entre doux abismos», primeiro tanto de dramática grangüíñolesca en galego, feito por A. Villar Ponte.

E' unha obra curta, que de contado ha rematarse. En dous ou tres números. Seguidamente pubricaremos, na mesma forma encoadernabre, a maxistral conferencia que o insine poeta Victoriano Taibo dou na «Agrupación Cultural d'Ortigueira» c'o este tema: «O POR QUE DO CULTIVO DA FALA».

## Serva d'exemplo

### As autoridás eclesiásticas

Fai poucas datas, tódolos representantes no Parlamento da rexión de Valencia, pidiron que o que fose nomeado arzobispo d'aquela archidiócesis, tivese natureza valenciana.

Bô acordo. I-elo contrasta co'a nosa parva pasividade. Aquí, agás o bispo de Tuy, noso distinto amigo, i-o de Lugo, todolos prelados son de fora. Escomenzando polo cardeal i-o auxiliar de Santiago e rematando polos de Mondónedo i-Ourense.

Eisi resulta que mais da metade do cabildo compostelán é d'origen castelán.

E vai sendo tempo chegado de termare da galeguización de tod'o noso.

S'é que non somos imbéciles, estúpidos e soicidas.

# INTROITO

Castelo d'o Sobroso, vello frade  
D'o convento que foy o teu Pasado,  
Soño d'o que xa fomos, apagado,  
Onde medran as edras y-a soedade.

Tu e-lo simblo, a sombra, adormecida  
Dun-ha Galicia nova, un-ha santiña...  
¡ Xente d'a miña Terra, andai axiña,  
Imos de novo erguelo e darlle vida!

As estreliñas d'ouro está n'a serra  
Pusadiñas e quedas a mirarnos...

Volvamos ó Pasado. O Sol marchouse.

Conquistemos de novo a nosa Terra.  
Ergueivos, despertai, que pra axudar-

[nos],  
Hast'a lua n'o ceyo e un-ha fouce.

ALFREDO PEDRO GUISADO.

(Pedro de Menezes)

(Do libro próximo a e publicare  
«Xente d'Aldeia». Impréntase en Lis-  
boa).

# PENEIRANDO

Alba, o liberalazo mais cacique e  
mais cuco, dixo no Congreso que él  
traballaría pra que na sua compañía ti-  
veran postos no Goberno repubricanos  
e socialistas.

Eso díxoo en Madrid. Namentres per-  
sigue no seu cacicazgo ós socialistas e  
ten desterrado a Pérez Solís.

E inda haberá parvos que crean en  
Alba treicionador de Costa e de Moret.

\*\*\*

En Hespæña todo e o mesmo.

Agora pol-as revoltas sindicalistas as  
autoridás acordaron pechar a «Tipogra-  
fia Obreira» da Cruña.

Non ll'es abondou con suprimire a pu-  
blicación do semanario dos traballado-  
res. Pecharon tamén os talleres onde ga-  
nan o pan algúns tipógrafos facendo  
choyos particulares, entr'eles varios de  
xeito oficial.

Haberá cousa mais absurda? Ao bo-  
tar eses obreiros á fame, en troques de  
tranquilidá, seméntanse rebeldías.

Pois todo na política hespæña é  
igoalño. E logo queren paz.

Nós protestamos con tod'a nosa i-al-  
ma contra d'ese feito xa felismente rei-  
tificado.

\*\*\*

Finouse en Barcelona Miguel dos  
Santos Oliver. Pra nós era o millor  
xornalista hespæñol.

Moitas veces defendeu as rivindica-  
cios nazonalistas. Era cultísimo, corru-  
to, verdadeiro mestre do xornalismo.

\*\*\*

Ao se inaugurar as sesiós da Diputa-  
ción provincial de Barcelona, o presi-  
dente falou en catalán. O gobernador  
civil oieu o discurso caladiño. E logo,  
contestou en valenciano, pois é home  
nado en Valenzia.

¡ Cando teremos unha cousa así en  
Galicia?

¡ Si aquí veñen Gobernadores—coma  
un que conocemos—que iñoraba si Ne-  
greira pertenecía á provincia do seu  
mando!

\*\*\*

O miñato gasetista, o nemigo dos  
piornos, rifou c'unha autoridá outa da  
Cruña.

Esta autoridá mandouno apilar,  
mais de camiño ceibouno.

¡ Qué exemplar tería sido o encarce-  
lo!

Os xornaes calaron este caso curioso.

E sabedes porque s'indinou o miñato  
gasetista? Pois porque lles ten moito  
medo ós atentados terroristas.

Com'a sua concencia non está limpia...

¡ Ai, miñato condenado; non'as fagas,  
e non'as temas!

\*\*\*

Desque saiu Picorete do «Circo d'Ar-  
tesanos» da Cruña os xornaes da sua  
devoción, danlle ás notas oficiosas d'a-  
quela sociedá, menos importanza que  
á d'un centro rural.

E non hai direito.

\*\*\*

Porque non deixarán en paz a grorio-  
sa lembranza de Concepción Arenal!

Abonda que se lean as suas obras na  
data do Centenario.

O demás, todo ha ser cursi e ridículo.

\*\*\*

Ao secretario do Concello de Valdo-  
viño, qu'è un noxento cacique, andivé-  
ronlle co'a roupa. Querse decir que lle  
deron unha tolena no Ferrol.

Hai que decirllés ós más caciques da  
nosa terra: cando vexades as barbas  
dos vosos «veciños» a afeitare...

Cousas dos tempos...

Unha de cal y outra d'area.

\*\*\*

Finouse no Habana, José Fontenla,  
aquele galego que veu a Galicia cand'o  
cadavre do mestre Chané.

Fontela levaba o enxebrismo na  
i-alma.

Unha lembranza garimosa, pois, para  
o pobre emigrado.

\*\*\*

Síguese «bonsbeando» o Congreso ga-  
lego-americano de Montevideo.

E nós dicimos unha vez mais que ha-  
ser unha cousa morta e ridícola.

Inda que n'él figuran, por non saber-  
ren da misa a media, homes tan nota-  
bres coma o noso ilustre amigo Rodríg-  
uez de Vicente.

Rodríguez de Vicente, que foi dipu-  
tado socialista na Arxentina e sinte o  
nazonalismo galego, se soupera que to-  
dolos caciques de Galicia han ter re-  
presentación n'ese Congreso, ¡ acetaría  
un cárrego no comité direitivo!

Fai poucas datas queixábase o «noso  
amigo» Viturro da falla d'autoridade:

¡ Algunha vez habíamos d'estar d'a-  
cordo.

Si houbese autoridade non andaría  
pol-as ruas ningún ladrón sentando cá-  
tedra de moralista.

Outra vez o caciquismo bárbaro de  
Negreira volveu revolverse contr'os  
agrarios d'aquela vila.

O servos dos que mandan—e que axiña  
deixarán de mandaren—ceibaron  
moitos tiros de carabina e revólver  
car'os domicilios da Sociedade Agraria  
e da familia do noso querido irmán  
García Fernández de Bodaño.

Se non fosen prudentes e sereos os  
agrarios de Negreira, por mor dos ca-  
ciques, habería unha data de loito que  
rexistrare.

Por se isto non resultara d'abondo,  
fono encarceados nosos amigos Manoel  
Ruso e Manoel Allende, co que faltou-  
se á Constitución, pois sin proceso, esti-  
veron na cadea cinco días.

I-entramentras os conculcadores das  
leises, os que abafan i-aldraxan ós la-  
bregos, os que desadministran e inxus-  
tizan, libres e contentes.

Esto xa é demais; esto xa resulta  
intolerabre.

E mañán, se algo serio socede, as  
autoridás, coma de cote, lavaránse as  
máns, o mesmo que Pilatos.

Agrarios de Negreira, adiante, loi-  
tade pol-a xusticia i-o direito que as  
«Irmandades» estarán convosco.

¡ Terr a nosa!

\*\*\*

Lerroux fixo unhas declaracíos sen-  
sacionaes no seu derradeiro discurso no  
Congreso. Armou unha verdadeira tre-  
molina. ¡ Foi un trabucamento do xefe  
dos radicaes? ¡ E preparación d'un  
pulo para as dereitas? ¡ Amostra os  
dentes de tirán coidando sere axiña po-  
der...? ¡ O tempo falará!

**EFEKTOS NAVALES**

— DE —

FERRER Y COMPAÑÍA — SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL****Vigo e A Cruña**

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

**GRAN FONDA****Las Cuatro Naciones****San Andrés, 102 — A CRUÑA**

O novo dono dista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

**RAMOS E ACEA****San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA**

Estabreimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatoss higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locios e fricíos de todas clases.

Nota: N'este estabreimento atopará o público un servizo permanente a carregoo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Abonos Químicos Mineraes  
Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,  
Calo Bordalés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debles; pra que as galinhas poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C. — A CRUÑA

**Materiales de Construcción**

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal  
NA CRUÑA**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raíña), 21 — LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica  
:- de Calzado :-**

— DE —

**ANXEL SENRA****RJIA XUAN FLOREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15

**A CRUÑA****Hotel Continental****CASTELAR, 8 e OLMO, 28**

O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado****A CRUÑA****FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE****REAL, 55**


A millor surtida da Cruña e un dos astabreimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrebro ós derradeiros adiantos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

**Servicios direitos dende o porto da Cruña**

O 31 d'Outono aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a

**Habana e Veracruz** o rápido paquete correio**Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)**

		<b>Habana</b>	<b>Veracruz</b>
Primeiracrase.	Ponte paseo:		
	Camarotes de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75
	Id. esteriores . . . . .	» 1.668'75	1.753'75
Ponte superior:			
Camarotes esteriores . . . . .	» 1.498'75	1.593'75	
Id. interiores . . . . .	» 1.293'75	1.378'75	
Ponte inferior . . . . .	» 1.293'75	1.378'75	
Segunda crase. . . . .	» 1.103'75	1.088'75	
Preferencia. . . . .	» 808'60	798'60	
TERCEIRA CRASE. . . . .	» 328'60	343'60	

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que deseche embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consignatario.

Enise carrego de todos os tipos de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así como sellos de caucho

## A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRAFADO

A CRUÑA

Teléf. 434



## "PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganhou Dipromo de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposiciós de París e Londres.

### REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell (Vigo) Coruña

## Compra e Venda

de máquinas de coser de todos os sistemas.

Reparaciós e amanío das mesmas. Venda de pezas soltas, agujas e aceites.

Taller de reloxeería: Traballo espedições para reloxeiros.

Dirixirse a

**MANOEL PELLEJERO**

San Andrés, 76 - baixo — A Cruxia

## Gran Café da Marina

— DE —

**JOSE RODRIGUEZ de VICENTE**

Urzáiz, 11

**BAYONA**



## Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da CRUÑA sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magnífico vapor

— TROUDE —

Admite pasaxeiro de 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> crase e 2.<sup>a</sup> económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

→ medio boleto → → → 189'60

Nenos mais novos de dous años, un gratis por familia.

De dous a 10 años, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 años, pasaxe enteiro.

**NOTA INTERESANTE.**—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 años, chawadas polos seus maridos, non poden embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitíndolle o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor alguno, as cartas de chamada, autorizacions, nin podercs dados ante os Cónsules hespáñoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vayan acompañados da sua familia.

O dia fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiro teñen de presentarse n'esta Agencia o dia 5 d'Outono pola mañá, Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespanha,

**ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA**

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua  
estreita de San Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todolos días  
unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes  
como sin darvos conta estades ledos e traballados sin sentir o  
mais cativo cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse  
côs millores productos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDEVOS



## GRANDES TALLERES

DE LAVADO E FRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña:  
Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcártaga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:  
Circo, núm. 5

Todas as nosas sucursaes ostentan un  
letrero como sinal, qu'è reproduzón da  
marca da garantía eiquí estampada.

Recibense encargos de fora, y-espídense  
por meio das nosas sucursaes.

Si no lugar onde vostede reside  
non-a hay, sirvase manifestarnos seus  
desechos de mandárenos os seus encá-  
rgenos.

## Os viños e coñás millores

son os que esporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez  
Fronteira, fundada en 1734. A casa más antigua de Xeréz.

## O vermouth mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (*Torino*),


## Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros esportadores Señores  
R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: *Pazo da Equitativa*.—MADRID.

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña



## LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina  
polos acretados vapores-correios.

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIÁ

Saidas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respeuto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro  
CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO